

**SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DIA DEZAOITO DE MARZO DE DOUS MIL DEZASEIS.**

No salón de sesións da casa do concello, sendo as once horas trinta minutos, do día dezaoito de marzo de dous mil dezaseis, reúnense os membros da Xunta de Goberno Local, baixo a presidencia do señor alcalde, don Dario A. Piñeiro López, para realizar sesión ordinaria, coa seguinte asistencia, dona Begoña López Magdalena e don José Manuel García Aldegunde.

Non asiste o señor concelleiro don Pablo Rivera Capón.

Actúa como secretaria, Mónica Vázquez Fandiño.

Aberto o acto pola presidencia procede a tratarse o seguinte

**1.- Aprobación, se procede, das actas das sesións de data 19-02-2016 e 04-03-2016.**

Polo señor Alcalde-presidente pregúntase aos membros da xunta de goberno local se teñen algunha alegación que facer en relación coa redacción das actas das sesións epigrafadas, non producíndose ningunha as actas son aprobadas por unanimidade.

**2.- Recoñecemento de trienios.**

**2.1.- Solicitud de Dª María Teresa López Pernas**, traballadora social do Concello de Láncara, solicitando o recoñecemento do 8º trienio, xa que o 01-04-2016 cumple 24 anos de servizos.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Estimar a solicitude formulada recoñecendo o cumprimento do 8º trienio a favor da traballadora social Dª María Teresa López Pernas, con efectos administrativos desde 01-04-2016 e económicos desde o 1 de maio de 2016.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ó servizo encargado da confección de nóminas.

**3.- Licenza de obra maiores.**

**3.1.-Solicitud de licenza de don José Valcárcel Rigueiro para proxecto de derribo parcial e ampliación de estabulo de vacuno de leite, fosa de xurros e almacén en Seoane Santalla de Lagos**

Visto o informe emitido polo arquitecto colegiado nº 4289, asesor municipal e que resulta do seguinte teor literal:

“Refº.0160303-1

Expediente de licenza municipal de obras para: "PROYECTO DE DERRIBO PARCIAL Y AMPLIACIÓN DE ESTABLO DE VACUNO DE LECHE, FOSA DE PURÍN Y ALMACÉN" en Seoane, Santalla de Lagos, municipio de Láncara, segundo proxecto redactado pola enxeñeiro técnico agrícola; Isabel Arza Río, e que promove D. José Valcárcel Rigueiro.

**D. José Ángel López Pérez, Arquitecto colegiado nº 4289, en calidad de técnico municipal do Concello de Láncara, en relación o asunto de referencia.**

**INFORMO:**

1º A ubicación proposta para a construcción das obras que se presenta, encontrase en terreos clasificados como SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIAS (S.R.P.A.G.), segundo establece o PXOM vixente. Polo que tamén cumpre cas medidas e retranqueos especificados na devandita normativa para ese tipo de solo. **CUMPRE**

2º O art. 33.2 letra b) da Lei 2/2010, permite entre outros usos construtivos en SOLO RÚSTICO, as construcións e instalación destinadas ao apoio da gandería extensiva e intensiva **CUMPRE**

3º Segundo a disposición transitoria décimo primeira da Lei 9/2002, modificada pola lei 2/2010 establece para as explotacións agropecuarias existentes, a posibilidade de ampliación das construcións destinadas a explotación ou o apoio a actividade agropecuaria, mesmo en volumen independente, que cumplirán as condicións de edificación establecidas no artigo 42 desta lei e no planeamento urbanístico vixente do concello

Polo tanto, **INFORMO FAVORABLE** por ser compatible ca normativa urbanística vixente, **SEMPRE E CANDO SE LEVEN A CABO AS MODIFICACIÓN E INCIDENCIAS REFLEXADAS NA RESOLUCIÓN DO DE AVALIACIÓN DE INCIDENCIA AMBIENTAL POR PARTE DA CONSELLERIA E MEDIO AMBIENTE, ADXUNTO A ESTE EXPEDIENTE”**

Logo de ler a resolución da Xefatura Territorial, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental na que emite a presente declaración de incidencia ambiental, condicionado ao cumprimento das medidas correctoras contidas no proxecto e na memoria, así como as de dita resolución, especialmente aquelas que obrigan a eliminar adecuadamente as aguas pluviais, depuración de augas residuais e estanquidade da foxa de zurro e canais de dexecións.

Examinada a documentación a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Conceder a D. José Valcarcel Rigueiro, licenza para proxecto de derribo parcial e ampliación de estallo de vacuno de leite, fosa de xurros e almacén en Seoane Santalla de Lagos-Láncara, redactado pola enxeñeira técnica agrícola Dª. Isabel Arza Rio, colexiada núm. 300 do Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas de Lugo; coa estrita observancia dos condicionados establecidos no informe técnico municipal emitido en data 3 de marzo de 2016; e na declaración de incidencia ambiental de 25 de xaneiro de 2016 do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental, e das condicions que a continuación se relacionan:

-As obras axustaranse á documentación presentada,

-Calquera modificación ou cambio de uso, ou destino das obras, requerirá unha nova licenza, dándose por suposto que son certos e

exactos os datos aportados polo solicitante, sendo o seu cargo os danos e perxuízos que poida orixinarlle a súa inexactitude.

Segundo.- A licenza concédese agás o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro.

Terceiro.- As obras deberán comenzar no prazo de seis meses, e rematarán no de tres anos, contados a partir da data da notificación do outorgamento da licenza, podendo concederse unha prórroga se as circunstancias o xustifiquen, que deberá solicitarse antes da finalización do prazo sinalado anteriormente.

O prazo fixado para o inicio ou finalización da obra poderá prorrogarse por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa do interesado formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sea conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga.

Cuarto.- Unha vez finalizada a obra, deberá de conformidade co artigo 24 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia presentar comunicación previa para o inicio da actividade así como a certificación final de obra, co fin de realizar a oportuna visita de comprobación para verificar que a realización das obras se axuntaron á licenza concedida e ao proxecto presentado polo interesado; xustificante de solicitude de alta no Imposto de Bens Inmobilares de natureza urbana e fotografías das fachadas do edificio.

Quinto.- Aprobar a liquidación provisional do imposto de construcións, instalacións e obras por importe de 7704,79 euros, cota bonificada 0,35%, **5.008,11 euros**.

Sexto.- Dar traslado do presente acordo ao interesado con indicación de que a tenor do establecido no art. 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, pon fin á vía administrativa , poderá presentar a súa elección:

- Potestativamente, recurso de reposición, ante o mesmo órgano que dictou este acordo, no prazo de un mes contado dende o día seguinte a aquel en que teña lugar a presente notificación.

- Ou ben directamente, recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á data de recepción do presente escrito.

O prazo para resolución e notificación do recurso de reposición será de un mes, contra a desestimación expresa, ou presunta polo transcurso do prazo de un mes, poderá presentar recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional e no prazo antes mencionado.

Sen perxuízo disto, poderá presentar, no seu caso, calquera outro recurso que estime pertinente e exercitar as accións que procedan ante a xurisdicción competente.

### **3.2.-Solicitud de licenza de D. José Juan Rubio López, para proxecto de ampliación de almacén para maquinaria agrícola, en Vilaesteva.**

Visto o informe emitido polo arquitecto colegiado nº 4289, asesor municipal e que resulta do seguinte teor literal:

"Refª 0160318.1

Expediente de autorización das obras de construcción dunha **nave almacén para maquinaria agrícola**, no lugar de Santa María de Vilasteva, parroquia de Vilasteva, Concello de Láncara, provincia de Lugo, segundo o proxecto redactado pola Enxeneira Técnica Agrícola: Dña. Isabel Arza Río, colexiada nº 300 del Colexio de Ingenieros Técnicos Agrícolas de Lugo, e que promove D. José Juan Rubio López , con D.N.I.: 76.577.557-Y. Presentando ante este concello un PROXECTO DE AMPLIACIÓN DE ALMACÉN DE MAQUINARIA AGRÍCOLA con a finalidade de obter as oportunas licenzas urbanísticas.

D. José Ángel López Pérez, Arquitecto colexiado nº 4289, en calidade de técnico municipal do Concello de Láncara, en relación o asunto de referencia, INFORMO:

1º Que o promotor: D. José Juan Rubio López, pretende ampliar a explotación gandeira, polo que se piden as licenzas urbanísticas para a realización das obras:

Construcción dunha nave agrícola para almacenamento de maquinaria con unha superficie de 270 m<sup>2</sup> e unhas dimensións de 18 x 15m.

2º A finca sobre a cal se pretende intervir esta rexistrada na Dirección Xeral do Catastro como polígono: 16 y parcela: 1681 do Concello de Láncara, según o cal posúe unha superficie total de: 5.440 m<sup>2</sup> e unha superficie xa construída de: 742 m<sup>2</sup>.

3º Que a finca sobre a cal se pretende intervir atopase e terreos clasificados como SOLO DE RÚSTICO DE PROTECCIÓN AGROPECUARIA, recollido na disposición transitoria 11ª da Lei 2/2010, do 25 de marzo de medidas urxentes da modificación da Lei 9/2002, nos artigos 33 e 37. Art. 33 **Usos y actividades en suelo rústico, apartado 2: actividades e usos constructivos. Artículo 37º.-Suelos rústicos de especial protección agropecuaria, forestal o de infraestructuras**, e no art. 49.4 USOS E ACTIVIDADES PERMITIDOS, do Plan Xeral Ordenación Municipal de Láncara, en su apartado:

a) Construcións e instalacións agrícolas en xeral, tales como as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacén agrícolas, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros ou outras análogas.

4º A características da edificación a realizar, neste tipo de solo, recollese no capítulo 51 do P.X.O.M. de Láncara, actualmente en vigor. No seu art. 51.5 CONDICIONES PARTICULARES E ADICIONAIS nos informa que serán de aplicación as dispostas para o solo rústico de protección ordinaria (S.R.P.O.) en su art. 50.3:

## 2- CONDICIÓNNS DE EDIFICACIÓN NON RESIDENCIAL

a) As fachadas e cubertas formadas por planos continuos, sen quebros nas pendentes.

b) Fachadas: poderán ser de cantaría ou cachotería sen revestir. En caso de revestimentos estes serán de morteiro pintado ou estucos de exteriores.

## 3- CONDICIONES PARA USOS CONSTRUTIVOS NON RESIDENCIAIS.

	PX.O.M.	PROXECTO
Parcela mínima:	5.000 m <sup>2</sup>	5.440 m <sup>2</sup>
Ocupación máxima:	40% establecementos explotacións agropecuarias 20% nos restos dos casos.	Cumple
Volume máximo:	Similar as edificacións tradicionais existentes no entorno.	Cumple
Recuamentos lindeiros:	5.00 m	más de 5.00m. Cumple
Altura max:	7.00 m	menor de 7.00m. Cumple

Pendente max. Cuberta: 30 30%

**CUMPRE**

Os terreos onde se pretende realizar a edificación, atópanse afectados pola zona de respecto de protección do Castro de Vilaesteva, elemento de tipo asentamento castrexo con protección integral grado II A, recollida no plano 1-37 do catálogo de bens protexidos do P.X.O.M actualmente en vigor do municipio de Láncara.

E polo que segundo establece o art. 16.8 AREAS DE RESPECTO DE INMOBLES CATALOGADOS das normas Urbanísticas do P.X.O.M. vixente, no que dita que as intervencións que se realicen nesas áreas de respecto dependerán do tipo de solo en que estén situadas e condicionadas en todo caso, ao informe favorable do organismo competente da Consellería de Cultura.

Polo tanto proponse para informe da Consellería de Cultura.”

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Dar traslado deste acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que emita a correspondente autorización.

Segundo.- Acordar a suspensión do prazo legal para resolver o procedemento do solicitude de trámite da licenza de construcción dunha **nave almacén para maquinaria agrícola**, no lugar de Santa María de Vilasteva, parroquia de Vilasteva, Concello de Láncara, provincia de Lugo, segundo o proxecto redactado pola Enxeneira Técnica Agrícola: Dña. Isabel Arza Río, colexiada nº 300 del Colexio de Ingenieros Técnicos Agrícolas de Lugo, e que promove D. José Juán Rubío López. En cumprimento do establecido no artigo 42.5.c) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común.

**3.3.-Solicitud de licenza de Ganadería Santa Mariña, SC, para construcción dunha nave almacén agrícola e explanada de formigón, en Galegos.**

Visto o informe emitido polo arquitecto colexiado nº 4289, asesor municipal e que resulta do seguinte teor literal:

“Refª 0160317.1

Expediente de autorización das obras de construcción dunha nave almacén agrícola e explanada de formigón, no Lugar de Galegos nº 1, parroquia de Sta. Mariña de Galegos, Concello de Láncara, segundo o proxecto redactado pola Enxeneira Técnica Agrícola: Dña. Marta López Cepeda, colexiada nº 793, e que promove D. Ricardo López Martínez, con D.N.I.: 33.861.443-S, representante da explotación “Ganadería Santa Mariña S.C.” con C.I.F.: J-27453893 situada na mesma ubicación, antes mencionada.

D. José Ángel López Pérez, Arquitecto colexiado nº 4289, en calidade de técnico municipal do Concello de Láncara, en relación o asunto de referencia, INFORMO:

1º Que se pretende ampliar a explotación gandeira denominada “Ganadería Santa Mariña S.C.” polo que se piden as licenza urbanísticas para a realización das obras:

Construción dunha nave agrícola para almacenamento de maquinaria con unha superficie de 700 m<sup>2</sup> e unhas dimensións de 50 x 14 m.

Construción de soleira de formigón na entrada da antedita nave, cunha superficie de 140 m<sup>2</sup>.

2º A finca sobre a cal se pretende intervir esta rexistrada como: Millara, con referencia catastral: 27026A009000900000ZS, con unha superficie total de 32.011,00m<sup>2</sup> e unha superficie xa construída de 820m<sup>2</sup>. Consta de accesos, electricidade e auga.

3º Que o lugar sobre a cal se pretende intervir atopase e terreos clasificados como solo de Rústico de protección agropecuaria recollido Na disposición transitorio 11<sup>a</sup> da lei 2/2010, do 25 de marzo de medidas urxentes da modificación da lei 9/2002 art. 33 **Usos y actividades en suelo rústico, apartado 2: actividades e usos constructivos. Artículo 37º.-Suelos rústicos de especial protección agropecuaria, forestal o de infraestructuras**, e no art. 49.4 USOS E ACTIVIDADES PERMITIDOS, do Plan Xeral Ordenación Municipal de Láncara, en su apartado:

a) Construccións e instalacións agrícolas en xeral, tales como as destinadas ao apoio das explotacións hortícolas, almacén agrícola, talleres, garaxes, parques de maquinaria agrícola, viveiros e invernadoiros ou outras análogas.

4º A edificación a realizar neste tipo de solo recollese no capítulo 51 do P.X.O.M. de Láncara, actualmente en vigor. No seu art. 51.5 CONDICIONES PARTICULARES E ADICIONAIS nos informa que serán de aplicación as dispostas para o solo rústico de protección ordinaria (S.R.P.O.) en su art. 50.3:

## 2- CONDICIÓNNS DE EDIFICACIÓN NON RESIDENCIAL

a) As fachadas e cubertas formadas por planos continuos, sen quebros nas pendentes.

b) Fachadas: poderán ser de cantaría ou cachotería sen revestir. En caso de revestimentos estes serán de morteiro pintado ou estucos de exteriores.

c) Condiciones para usos construtivos non residenciais.

Parcela mínima: 5.000 m<sup>2</sup>

Ocupación máxima: 40% establecementos explotacións

agropecuarias

20% nos restos dos casos.

Volume máximo: Similar as edificacións tradicionais existentes no entorno.

Recuamentos a lindeiros: 5.00m

Altura max: 7.00 m

Pendente max. Cuberta: 30º

CUMPRE

Os terreos onde se pretende realizar a edificación, atópanse afectados pola zona de protección da Igrexa de Galegos, elemento de arquitectura relixiosa (2.1-22) con protección integral grado II A, recollida no catalogo de bens protexidos do P.X.O.M actualmente en vigor do municipio de Láncara.

E polo que segundo establece o art. 16.8 AREAS DE RESPECTO DE INMOBLES CATALOGADOS das normas Urbanísticas do P.X.O.M. vixente, no

que dicta que as intervencións que se realicen nesas áreas de respecto dependerán do tipo de solo en que estean situadas e condicionadas en todo caso, ao informe favorable do organismo competente da consellería de cultura. Polo tanto proponse para informe da consellería de Cultura.

É polo que informo FAVORABLE coas obrigas anteditas”

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Dar traslado deste acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que emita a correspondente autorización.

Segundo.- Acordar a suspensión do prazo legal para resolver o procedemento do solicitude de trámite da licenza de construcción dunha **nave almacén agrícola e explanada de formigón**, no lugar de Galegos, Concello de Láncara, provincia de Lugo, segundo o proxecto redactado pola Enxeneira Técnica Agrícola: Dña. Marta López Cepeda, colexiada nº 793 del Colexio de Ingenieros Técnicos Agrícolas de Lugo, e que promove Ganadería Santa Mariña, SC. En cumprimento do establecido no artigo 42.5.c) da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administración públicas e do procedemento administrativo común.

#### **4.- Escritos varios.**

**4.1.-Escrito de Dª Concepción López Álvarez**, solicitando a revisión da facturación do 4º trimestre de 2015 do recibo de agua de Toubille nº 12.

Visto o informe emitido polo encargado das lecturas dos contadores de auga, que resulta do seguinte teor literal:

“DON LUIS VARELA FERNANDEZ, como encargado de las lecturas de los contadores de agua, en relación al contador de Dª Concepción López Alvarez, de Toubille nº 12, contador nº E 13EA275375A.

#### **INFORMO**

Que las lecturas del año 2015 de dicho contador son:

1º Trimestre: 105 m<sup>3</sup>

2º Trimestre: 120 m<sup>3</sup>

3º Trimestre: 205 m<sup>3</sup>

4º Trimestre: 737 m<sup>3</sup>

1º Trimestre del 2016: 737 m<sup>3</sup>, tomada la lectura el día 16-03-2016.

Vista la reclamación de Dª Concepción López Alvarez, fui a comprobar nuevamente la lectura del 4º trimestre del 2015, estando presente la interesada, teniendo la misma lectura 737 m<sup>3</sup>, estando cerrada el agua hasta el día 10-03-2016 con la misma lectura 737 m<sup>3</sup>, estando la interesada presente, por lo cual dicho contador no presenta ninguna deficiencia a simple vista.

En todo caso si la interesada quiere comprobar el estado del contador lo tiene que llevar a comprobar y regular a industria.

Es cuanto tengo que informar en relación a dicho contador”

Visto o acordado pola xunta de goberno local en sesión de 19 de febreiro de 2016, a interesada achega documentación acretitativa da súa condición de explotación agropecuaria

Á vista do Decreto 136/2012, de 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertido a sistemas públicos de depuración de augas residuais que no seu artigo 10 establece como supostos de non suxección e exencións “os usos agrícolas, forestais e gandeiros”

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Estimar a solicitude de referencia, facendo as oportunas correccións no padrón do suministro de auga, consignando como uso doméstico gandeiro a efectos de canon da auga á abonada dona Concepción López Álvarez, con domicilio en Touville, 12, co seguintes importes de canon da Xunta: cota fixa 4,62 e cota variable 7,44 euros trimestrais.

Segundo.- Emitir un novo recibo polo suministro de auga potable a dona Concepción López Álvarez, con domicilio en Touville, 12, polo consumo do 4º trimestre de 2015.

**4.2.-Escrito de Dª Dolores Crespo López,** sobre consumo do contador de auga de San Pedro de Láncara nº 23.

Visto o informe emitido polo encargado de augas D. Luis Varela Fernández, que resulta do seguinte teor literal:

“INFORME DEL ENCARGADO DE AGUAS D. LUIS VARELA FERNÁNDEZ, EN RELACIÓN AL CONTADOR DE Dª DOLORES CRESPO LÓPEZ, PROVISTA DEL D.N.I. Nº 34219666-J, sito en San Pedro de Láncara nº 23.

Que la propietaria del contador de agua de la vivienda de San Pedro nº 23, solicita la inspección del referido contador de agua, al observar unas lecturas muy altas en el 2º y 3º trimestre del 2015.

Personado en dicho lugar, para comprobar el contador, observando que está averiado y al desmontarlo se observa una pieza suelta en el interior de dicho contador por lo cual se sustituye por uno nuevo.

Solicitando se estudie el consumo correspondiente al 2º y 3º trimestre del 2015, calculando una medida de consumo para su cobro, con la que esta conforme la propietaria de dicho contador”

Visto o informe técnico, que resulta do seguinte teor literal:

“Don Juan Carlos Brea Méndez, con DNI 76576776R, fontanero con carnet nº Lu/384; informa de lo siguiente:

Doña Dolores Crespo López, con DNI 2341966J, vecina de San Pedro nº 23 en Láncara solicitó mis servicios para revisar la instalación de fontanería, sospechando alguna fuga en la misma debido al elevado ricibo que le fue remitido por el Ayuntamiento. Procedo a la revisión de la misma y concluyo lo siguiente: No hay fugas en la instalación

Habitan dos personas en la vivienda

No hay piscina, ni animales propios del área rural

El contador salta varias cifras a la vez.

Certifico, por todo ello, el mal funcionamiento del contador, que marca un gasto de agua irreal”

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Estimar a solicitude de referencia, facendo as oportunas correccións no padrón do suministro de auga, emitindo un novo recibo para os trimestres 2º e 3º de 2015, tomando como referencia o primeiro trimestre do ano:

Recibo 2º trimestre: consumo 29 m<sup>3</sup>

	Base	IVE	Importe
Auga	12,29	1,23	13,52
Lixo	12,90	1,29	14,19
Canon cota fixa	4,62	0,00	4,62
Canon cota var.	3,19	0,00	3,19

Recibo 3º trimestre: consumo 29 m<sup>3</sup>

	Base	IVE	Importe
Auga	12,29	1,23	13,52
Lixo	12,90	1,29	14,19
Canon cota fixa	4,62	0,00	4,62
Canon cota var.	3,19	0,00	3,19

Total	Auga	27,04
	Lixo	28,38
	Canon Xunta	15,62

Segundo.- Recoñecer o dereito de dona Dolores Crespo López dos seguintes saldos ó seu favor polo pagamento do recibo correspondente ó 2º trimestre polos seguintes importes

	Importe pagado	Importe 2º e 3º trimestre	Saldo
Auga	219,32	27,04	192,28
Lixo	28,38	28,38	0,00
Canon	142,86	15,62	127,24

Terceiro.- Estimar a devolución de 192,28 euros a dona Dolores Crespo López, en concepto de ingresos indebidos polo consumo de auga, e regularizar a liquidación do canon derivada da liquidación anulada coa liquidación do próximo trimestre perante Augas de Galicia.

**4.3.-Escrito de Amelia Peláez Álvarez**, solicitando autorización para poder instalar unha pulpería no Campo da Feira os días 2 e 17 de cada mes, no sitio que ocupa a pulpería Nilo.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Acceder ó solicitado en canto exista espazo público dispoñible.

**4.4.-Escrito de D. Manuel García López**, solicitando a alta nos recibos de auga, lixo e sumidoiros na Rúa Benigno Quiroga, nº 47, baixo B de Pobra de San Xiao.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeira.- Estimar a solicitude de don Manuel García López dando de alta no servizo municipal de abastecemento de auga, lixo e sumidoiros con efectos de 17/02/2016 no epígrafe 3 de Comercios polo miúdo.

Segundo.- Dar conta ó funcionario encargado para que efectúe as oportunas correccións no padrón do citado servizo dando de alta a don Manuel García López para o local situado en Rúa Benigno Quiroga Nº 47,baixo B, Pobra de San Xiao.

Terceiro.- Dar conta ó encargado de servizos municipais para que de a alta no servizo municipal de abastecemento domiciliario de auga potable.

**4.5.-Escrito de don Miguel Fernández Arrojo**, solicitando o cambio dos recibos de agua, lixo e sumidoiros de Praias de Valdriz, nº 5 que figuraban a nome de José Vázquez Méndez.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeira.- Estimar a solicitude de don Miguel Fernández Arrojo pasando o seu nome os recibos de auga, lixo e sumidoiros con efectos de 2º trimestre 2016.

Segundo.- Dar conta ó funcionario encargado para que efectúe as oportunas correccións no padrón do citado servizo dando de alta a don Miguel Fernández Arrojo.

Terceiro.- Dar conta ó encargado de servizos municipais para que os recibos de abastecemento domiciliario de auga potable de Praias de Valdriz Nº 5 pasen a nome de don Miguel Fernández Arrojo.

**4.6.- Escrito de dona Mª del Carmen Vázquez Souto**, no que expón que dene hai máis de tres anos xa non rexenta a actividade de café-bar denominada Pub El Loro, polo que solicita se cambien os tributos municipais a nome da propietaria do inmoble Benigno Quiroga, 7 Baixo.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Estimar a solicitude de referencia pasando a nome de Dolores Urra Saco os recibos de auga, lixo e rede de sumidoiros polo inmoble situado en Benigno Quiroga, 7 Baixo.

Segundo.- Dar conta ó funcionario encargado para que efectúe as oportunas correccións no padrón do citado servizo dando de alta a dona Dolores Urra Saco.

Terceiro.- Dar conta ó encargado de servizos municipais para que os recibos de abastecemento domiciliario de auga potable de Benigno Quiroga, 7 Baixo pasen a nome de dona Dolores Urra Saco.

#### **4.7.-Escrito de dona Elvira Fernández Amado,**

Antecedentes.-

Primeiro.- No expediente de reclamación de responsabilidade patrimonial a interesada, señora Fernández, expón que recientemente persoal que manexaba maquinaria por conta dos servizos municipais de Láncara procedeu á limpeza de varios camiños públicos da zona de Reboredo (Bande), entre eles o CAMINO DA CORTIÑA que vai ata o río, no tramo que vai dende o

lugar ata a parcela da que son propietaria denominada NAMELA DA CASA, sen que se continuase máis adiante a necesaria labor de limpeza do vial, nin se actuase sobre unha figueira obstaculizadora do normal paso polo vial. É o caso que con ocasión desa obra se afectou ó muro de peche da finca NAMELA DA CASA ó facer uso non correcto da maquinaria, Ademais do indicado con relación ó camiño, na mesma ocasión de paso de dita maquinaria ocasionouse a rotura duhma baixante de augas pluviais existente no fronte da casa da miña propiedade (Casa Resgo).

Segundo.- Por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión realizada o día 4 de decembro de 2015 concedeuse á interesada un prazo de dez días para subsanar a súa solicitude nos seguintes extremos:

1º) Presunta relación de causalidade entre as lesións e o funcionamento dos servicios públicos.

2º) Alegacións, documentos ou informacións que estime axeitadas e proposición de proba, concretando os medios de que pretenda valerse.

Terceiro.- Con data 7 de xaneiro de 2016 a interesada presenta escrito xustificativos dos traballos realizados polo persoal do Concello, extremo que nunca foi rebatido. Propón proba consistente en acreditar a realidade dos traballos e o manexo de maquinaria municipal

Cuarto.- A secretaria Informa o expediente con data 12 de xaneiro.

Quinto.- Con data 4 de marzo a interesada durante o prazo de audiencia volve reitar as súas peticións sen aportar elemento de novo algúin que desvirtúe a proposta de resolución formulada.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Desestimar a solicitude formulada por dona Elvira Fernández Amado, polos danos ocorridos no muro de peche da finca NAMELA DA CASA e pola a rotura duhma baixante de augas pluviais existente no fronte da casa da súa propiedade (Casa Resgo) xa que non **non existe un vínculo** entre a lesión e o axente que a produce, conexión que implicaría, de existir, unha relación de causalidade entre o feito ou acto imputable á administración e a lesión inferida, xa que non quedou acreditado que os danos no seu patrimonio son consecuencia das obras de limpeza realizadas por persoal do Concello, toda vez que a realidade dos traballos e a realidade dos danos non basta para establecer a necesaria relación de causalidade que se esixe como presuposto da responsabilidade patrimonial.

Segundo.- Notificar á interesada con indicación dos recursos que contra este acordo proceden.

##### **5.- Cambio de titularidade de actividades.**

**5.1.-Solicitud de dona Verónica Regueiro Fernández** de cambio de titularidade do café bar O Tapeo, situado en Avda Benigno Quiroga, 20 Pobra de San Xiao.

Considerando que a solicitude reúne os requisitos esixidos regulamentariamente xa que aporta conformidade da transmisión do anterior titular, título que lexitima a ocupación do inmoble e alta no IAE.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Primeiro.- Estimar a solicitude de referencia autorizando o cambio de titularidade do café bar O Tapeo a nome de dona verónica Regueiro Fernández.

Segundo.- Dar conta o funcionario encargado da confección dos padróns para que faga as correccións oportunas nos padróns de auga lixo e sumidoiros con efectos 1/01/2016.

Terceiro.- Aprobar a liquidación da taxa por cambio de titularidade por importe de 30 euros,

#### **6.- Proposta da alcaldía relativa a regularización padrón de vados.**

Vista a proposta da alcaldía de 18 de febreiro relativa á regularización do padrón de vados do Concello do seguinte teor literal:

“Proposta de alcaldía relativa á regularización do padrón de vados do Concello de Láncara

Como ben saben os señores concelleiros dende o mes de decembro de 2012 o Concello de Láncara aproba anualmente o padrón de vados de A Pobra de San Xiao.

Na documentación obrante no expediente de aprobación de vados de 2012, 2013 e 2014 contan con numerosas alegacións realizadas polos veciños afectados pola medida.

E tamén saben os veciños de Láncara que no noso programa electoral que o padrón de vados se confeccionaría cos suxeitos pasivos que voluntariamente solicitaran a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.

Compre en primeiro lugar examinar o contido do artigo 20 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais:

“Artigo 20. Feito imponible.

1. *A entidades locais, nos termos previstos nesta lei, **poderán** establecer taxas pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, así como pola prestación de servizos públicos ou a realización de actividades administrativas de competencia local que se refiran, afecten ou beneficien de modo particular ós suxeitos pasivos.*

3. *Conforme ó previsto no apartado 1 anterior, as entidades locais **poderán establecer taxas** por calquera suposto de utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local, e en particular polos seguintes:*

*h) Entradas de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública para aparcadoiro exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase”.*

Polo tanto, examinada a normativa en materia de facendas locais, o feito imponible da taxa é a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local pola entrada de vehículos a través das beirarrúas.

Así o declara tamén a Sentenza do Tribunal Supremo en interese da lei de 19 de decembro de 2007 declarando como doutrina legal “el derecho de vado o

*entrada de vehículos a través de las aceras u orillas de la calle con independencia de que estén pavimentadas al mismo o distinto nivel de cota de la calle constituye un aprovechamiento común especial de un bien de dominio público local con base en lo dispuesto en los artículos 20.3 h) del Real Decreto Legislativo 2/2004 en concordancia con el artículo 75.1 b) del Reglamento de Bienes de las Entidades Locales".*

En consecuencia, non cabe máis que declarar conforme a dereito a decisión municipal de acordar a imposición a través da correspondente taxa para os casos de utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local pola entrada de vehículos a través das beirarrúas.

Cuestión distinta é obrigatoriedade de imponer o desfrute de tal reserva e utilización de dominio público local a todos aqueles veciños que contan cunha entrada de carruaxes e rebaixe da beirarrúa para paso de vehículos.

A ordenanza fiscal reguladora dos vados do Concello de Láncara establece no seu artigo 6 que a obriga de pago da taxa reguladora nesta Ordenanza nace cando se trate de concesións de novas aproveitamentos da vía pública, **no momento de solicitar a correspondente licenza**.

En consecuencia, á hora de confeccionar o padrón de vados de cada ano haberá que analizar cando os interesados incorren no feito imponible cando non, é dicir, cando efectivamente utilizan o dominio público local a través do paso pola beirarrúa cun vehículo para acceder a un aparcadoiro. E neste punto chegamos á conclusión de que aqueles veciños que non queiran utilizar o dominio público local para acceder cos seus vehículos a través da beirarrúa non se lles pode imponer, e en consecuencia non realizan o feito imponible da taxa. Isto supón, por suposto, a retirada da placa de vado existente na porta da praza de aparcadoiro correspondente, a imposibilidade de que os veciños e veciñas accedan co seu vehículo á dita praza e a posibilidade de que outros propietarios de vehículos poidan aparcar diante, se así o permite a ordenación viaria municipal.

Neste sentido tense pronunciado o Defensor do Pobo andaluz con data 6 de xuño de 2012 perante a queixa dunha veciña do Concello de Coria del Río (Sevilla) resolvendo o seguinte:

*"RECORDATORIO del deber legal de observar los artículos 20.3.h) del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de Marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales y 2, 3 y 10.5 de la Ordenanza Fiscal de ese municipio reguladora de la tasa por entrada de vehículos a través de las aceras y reservas de la vía pública para aparcamiento exclusivo, parada de vehículos, carga y descarga de mercancías de cualquier clase, que regulan el hecho imponible de la tasa, su sujeto pasivo y los efectos de la presentación de escrito de solicitud de baja.*

*RECOMENDACIÓN de que, en observancia de dichos preceptos, se tenga por presentada la solicitud de baja de la interesada en la citada tasa con fecha 27 de Mayo de 2011, procediendo a la devolución de las cantidades que, en su caso, haya abonado indebidamente a ese Ayuntamiento por tal concepto".*

E non cabe dubidar do alto valor das resolucións dos Defensores do Pobo na resolución extraxudicial de conflitos entre os cidadáns e a Administración Pública.

Polo exposto, proponse a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Anular as liquidacións practicadas no padrón de vados dos anos 2012, 2013 e 2014 ós veciños que solicitaron a solicitude de baixa ou recorriren a alta de oficio no padrón de vados.

Segundo.- Reconocer, de acordo co exposto no apartado anterior, o dereito dos veciños afectados pola anulación da liquidación practicada á devolución de oficio dos ingresos indebidos polo concepto tributario taxa por vado.

Terceiro.- Determinar como suxeitos titulares do dereito á devolución de ingresos indebidos ós obrigados tributarios que soportaron a taxa sen terse realizado o feito imponible, instruíndo os expedientes necesarios en cada caso".

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Prestar a probación á transcrita resolución de alcaldía resolvendo realizar todos os actos administrativos necesarios para a efectividade do acordado.

#### **7.- Autorización de gastos. Contratos menores.**

##### **A. Autorización de gastos. Seguros municipais.**

Vista as propostas de Allianz Compañía de Seguros y Reaseguros, SA para os seguros dos vehículos municipais:

- Póliza 1-95-3222462, Matrícula 5744 GWT, 362,19 euros
- Póliza 03665352900000, Matrícula 4014 JBK, 713,33 euros

Vista a proposta de Seguros Bilbao para o seguro das oficinas municipais:

- Póliza 1/65/7609032, 653,87 euros.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (B.O.P. do 15 xullo de 2015), por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Prestar aprobación e autorizar e dispoñer os correspondentes gastos.

##### **B.- Contratos menores.**

#### **7.1.- Contrato menor de subministración de vestiario e calzado auxiliares axuda no fogar.**

Vista a proposta da alcaldía para a adjudicación do contrato de subministración para vestiario e calzado auxiliares axuda no fogar, coa que se achegan as ofertas económicas de Suministra-T; Wurth; Ortojosbel; e Prolavi.

Visto que de conformidade con canto se establece polo artigo 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o presente contrato pode cualificarse de contrato menor de suministración.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Adxudicar o contrato menor de suministración de vestuario laboral para as auxiliares do SAF a Suministra-T, por importe de 1.025,36 euros, IVE incluído, e 1,15 euros por serigrafía cada unidad, autorizando e dispoñendo o correspondente gasto con cargo á aplicación presupostaria 231.221.

#### **7.2.- Contrato menor de equipamento copias de seguridade**

Vista a proposta da Alcaldía para a adxudicación do contrato de equipamento de copias de seguridade, coa que se achega a oferta económica de Sistema de Oficina Lugo, SA, por importe de 1528,30 € IVA incluído.

Visto que de conformidade con canto se establece polo artigo 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o presente contrato pode cualificarse de contrato menor de servizos.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Adxudicar o contrato de equipamento de copias de seguridade a Sistema de Oficina Lugo, SA, por importe de 1528,30 € IVA incluído autorizando e dispoñendo o correspondente gasto con cargo á aplicación presupostaria 920.216.

#### **7.3.- Contrato menor para control analítico das augas de consumo humano nas zonas de abastecemento do Concello de Láncara**

Vista a proposta da Alcaldía para a adxudicación do contrato para control analítico das augas de consumo humano nas zonas de abastecemento, coa que se achega a oferta económica de Iván Taboada Prego: control augas de consumo A Láncara: 2.171,47 € custo anual con IVE; control augas de consumo A Pobra: 2.210,19 €, custo anual con IVE.

Realización 1 fonte e 4 controis anuais na zona de baño interior e exterior do río Neira (xullo e agosto) sen custo.

Visto que de conformidade con canto se establece polo artigo 138.3 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, o presente contrato pode cualificarse de contrato menor de servizos.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Adxudicar o contrato para control analítico das augas de consumo humano nas zonas de abastecemento, a Iván Taboada Prego, control augas de consumo A Láncara por importe de 2.171,47 € custo anual con IVE; e control augas de consumo A Pobra por importe de 2.210,19 €, custo anual con IVE, autorizando e dispoñendo o correspondente gasto con cargo á aplicación presupostaria 161.227.06.

#### **8.- Reconecemento de obrigas por gastos autorizados e dispostos.**

Logo de ver as seguintes facturas:

**8.1.- Siemens**, fac. nº 0093675283, renting equipos informáticos, 362,92 €

**8.2.- Sociedade Galega Do Medio Ambiente, SA**, factura nº 0433, tratamento RU febrero, 6.299,06 €

**8.3.- Intermax Technology SL**, fac. nº 2611, internet escolas, 196,02 €

**8.4.- El Progreso de Lugo, SL**, fac. nº 3-8169,10 exemplares febreiro; 281,79 €

**8.5.- Electro Sarria, SLL**, fac. nº F 16/32, mantemento alumeadoo público febreiro, 768,51 €

**8.6.- Supervisión e Control S.A.**, fac. nº 159916000000482, ITV matrícula C-3640-AT, 58,60 €.

**8.7.- Efigal Norte SLU**, fac. nº 098EF, 10º pago alumeadoo público de Villaesteva, 127,56 €

**8.8.- Efigal Norte SLU**, fac. nº 097EF, 21º pago alumeadoo Rúa Ourense, 119,74 €

**8.9.- Bilbao Cia Anma de Seguros**, fac. nº 494, seguro edificio Concello, 702,32 €

**8.10.- Limpergal, SL**, fac. nº 1187, recollida lixo marzo, 4884,92 €.

**8.11.- Sociedad Estatal Correos y Telégrafos SA**, fac. nº 4001735631, correspondencia febreiro; 164,65 €.

**8.12.- Gallega de Gestión Ambiental SL**, fa. Nº CM/06, honorarios proxecto explotación punto limpo, 1058,75 €.

**8.13.- Airis Techonology Soluciones S.L.**, fac. Nº 821, puntos de luz Campo da Feira, 333,96 €.

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Recoñecer as obrigas que se liquidan polos importes cifrados a favor dos respectivos acreedores.

**9.-Recoñecemento de obrigas con simultánea autorización e disposición do gastos.**

Logo de ver as seguintes facturas:

**9.1.- Electro Sarria**, fac. nº f-16/33, traballos en Gallegos, Montixo e Villaesteva, 700,61 €.

**9.2.- Kleer-Kim SAL**, fac. nº 690, cloro para a auga potable, 539,06 €.

**9.3.- Miguel Díaz Abad**, fac. nº A/145, dúas rodas para o 6659HTK, 148,01 €.

**9.4.- Canpesa**, fac. nº B/92, material AG-T0/40-C-L para obras municipais, 175,24 €.

**9.5.- Moleskine,SL**, fac. nº 437, 100 portadas negras e 100 portadas encadernación, 29,52 €

**9.6.- C. Enriqueta CB**, fac. nº 3, gominolas para entroido; 70 €.

**9.7.- C. Enriqueta CB**, fac. nº 4, codo, pilas e botas, 45,79 €

**9.8.- C. Enriqueta CB**, fac. nº 1, produtos suministrados para reis, 74,66 €

**9.9.- C. Enriqueta CB**, fac. nº 2, 100 xoguetes reis, 275,00 €

**9.10.- José Luis Seigo González, O Garaxe do Pequeno**, fac. nº 810, troco aceite 1086-GGY, 47,19 €

A Xunta de Goberno Local, no exercicio das competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente con data 3 de xullo de 2015 (BOP Lugo de 15 de xullo de 2015) por unanimidade e en votación ordinaria, acorda:

Recoñecer as obrigas que se liquidan a favor dos respectivos acredores e simultaneamente, autorizar e dispoñer os correspondentes gastos.

**10.-Asuntos de urxencia.**

Non houbo.

E non tendo máis asuntos de que tratar polo señor Alcalde-presidente levántase a sesión sendo as trece horas e corenta minutos do que eu, secretaria dou fe.